

## PROPOSTA

Con data 22/07/2024 a Presidencia da Deputación de Ourense autorizou a redacción do proxecto “TRATAMENTO SUPERFICIAL NA OU-1201 BANDE (OU-540) – BARXÉS (OU-1202)”, no concello de Bande e encomendou a realización do estudo aos enxeñeiros José Manuel González Sánchez, Raquel Rivero Cuquejo e Rodrigo Borrajo González.

Constan as seguintes actuacións previas no expediente 2024/10126Y ao respecto da actuación

- A Sección de Supervisión de Obras e Proxectos informou favorablemente o 07/08/2024.
- De acordo co disposto na base 109 dos orzamentos 2024 a Dirección de Área emitiu informe con data 07/08/2024.
- A aprobación do proxecto foi acordada pola Presidencia da Deputación o día 07/08/2024.
- O 08/08/2024 elaborouse a acta de planeamento previo na que se reflectía a comprobación da realidade xeométrica, a dispoñibilidade dos terreos e as solicitudes das autorizacións sectoriais preceptivas.
- A necesidade de executar a obra civil descrita no proxecto está reflectida no apartado 8 da memoria descritiva. O proxecto foi redactado, supervisado, aprobado e comprobado o planeamento previo co detalle suficiente para facer factible a construción e posterior explotación.

Por medio da presente, tendo en conta o anteriormente dito, e sen prexuízo do que ao respecto se determine no informe da Intervención e no informe xurídico da Secretaría Xeral, **PROPOÑO** que se contraten as obras de TRATAMENTO SUPERFICIAL NA OU-1201 BANDE (OU-540) – BARXÉS (OU-1202)”, no concello de Bande por un importe aproximado de 83.871,15 € (IVE non incluído).

En Ourense, na data da sinatura electrónica